

DOCUMENTO MARCO PARA A ELABORACIÓN DO TRABALLO DE FIN DE MESTRADO (TFM)

**MESTRADO UNIVERSITARIO EN PROFESORADO DE EDUCACIÓN
SECUNDARIA OBRIGATORIA E BACHARELATO, FORMACIÓN
PROFESIONAL E ENSINO DE IDIOMAS POLA UNIVERSIDADE DA
CORUÑA**

CURSO 2017-2018

ÍNDICE

1. Introducción.....	3
2. Elección do TFM.....	3
a) Planificación curricular.....	3
b) Unidade didáctica.....	4
c) Investigación educativa.....	4
d) Acción en temáticas transversais.....	4
e) Proxecto integrado ou actividade complementaria.....	5
f) Innovación educativa coa elaboración de materiais didácticos.....	5
g) Proxecto-proceso ortográfico.....	6
h) Para o itinerario de orientación.....	6
3. Dirección do TFM.....	6
Funcións do/a titor/a do TFM.....	7
4. Estrutura e cuestións formais do TFM.....	7
a) Portada.....	7
b) Índice.....	7
c) Introducción.....	7
d) Fundamentación do TFM.....	8
e) Desenvolvemento do TFM de acordo coa opción elixida (véxase o punto 2).....	8
g) Referencias bibliográficas e recursos didácticos.....	8
h) Anexos.....	8
5. Criterios de avaliación do TFM.....	8
Cuestións formais (5 %)......	8
Fundamentación teórica (30 %)......	8
Desenvolvemento do TFM (35 %).....	9
Valoración persoal e conclusións TFM (15 %).....	9
Presentación e defensa (15 %).....	9
6. Procedemento de avaliación.....	9
Entrega e defensa do TFM.....	10
7. Anexos.....	10
ANEXO I.....	11
ANEXO II.....	12
ANEXO III.....	13

1. Introducción

Este documento ten por obxecto establecer as bases e normas sobre a definición, adxudicación, presentación, cualificación e tramitación administrativa dos traballos de fin de Mestrado que se realizaren no marco do Mestrado Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obligatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas pola Universidade da Coruña.

Unha vez concluído e avaliado positivamente o período de formación teórica e tras a realización e aprobación das prácticas en centros docentes e institucións formativas, os estudantes deste Mestrado deberán elaborar e defender publicamente ante unha tribunal de avaliación da especialidade o Traballo de Fin de Mestrado (TFM).

O TFM debe ser realizado individualmente por cada alumno/a baixo a dirección dun/ha profesor/a (director/a) e, como norma xeral, estará concibido para que o tempo total de dedicación do/a alumno/a sexa de 150 horas (6 ECTS).

A finalidade deste Mestrado é a preparación profesional avanzada, dirixida á especialización académica e profesional dos estudantes relacionado coa práctica docente da especialidade cursada. O TFM deberá estar directamente relacionado coa práctica docente da especialidade correspondente e servirá de instrumento de síntese do conxunto de competencias desenvolvidas no Mestrado ao longo dos diferentes módulos formativos,

2. Elección do TFM

A continuación presentamos as posibles opcións para os estudantes realizaren o TFM:

a) Planificación curricular

Consistirá na realización dunha planificación curricular contextualizada en diferentes formatos temporais (dun módulo dun ciclo de grao medio ou superior da titulación correspondente, dun curso ou dun trimestre dunha materia da ESO ou do bacharelato). Deberá incluír os seguintes elementos:

- Fundamentación mediante a achega relevante e actualizada de documentos que versaren sobre a temática elixida e sustentada en achegas de investigación didáctica.
- Xustificación da planificación atendendo á lexislación vixente e á súa contextualización.
- Descrición dos obxectivos que se pretenden conseguir.
- Unha programación didáctica exhaustiva dos contidos para desenvolver.
- Unha secuencia lóxica, fundamentada e temporalizada das unidades didácticas da materia.
- Propostas metodolóxicas e instrumentos e criterios de avaliación global das competencias terminais do ciclo, curso ou trimestre.
- Consecución de competencias básicas.
- Descrición dos materiais e recursos que se utilizarán.

- Proposta de temporalización dos contidos por unidades didácticas.
- Medidas previstas de atención á diversidade.
- Valoración desta planificación para a súa aplicación no centro onde se realizaron as prácticas.

b) Unidade didáctica

Consistirá nunha unidade didáctica que deberá ser ensaiada na aula durante o período das prácticas en centros. Esta unidade didáctica, xa que logo, deberá responder aos seguintes requirimentos:

- Fundamentación mediante a achega relevante e actualizada de documentos que versaren sobre a temática elixida e sustentada en achegas de investigación didáctica.
- Xustificación da unidade atendendo á lexislación vixente (decretos, reais decretos de ensinanzas mínimas, e ordes), a outros aspectos psicopedagóxicos e didácticos que xustificaren a súa inclusión no currículo da etapa, e/ou o curso e a súa contextualización.
- Elementos da unidade didáctica claramente diferenciados e definidos: expectativas de aprendizaxe (obxectivos e competencias básicas), contidos, temporalización, metodoloxía e recursos.
- Atención á diversidade, coas estratexias e materiais para a levar a cabo.
- Criterios e instrumentos de avaliación e seguimento da unidade.
- Desenvolvemento completo das diferentes sesións de clase, incluídos os anexos co material completo e necesario para aplicar á unidade didáctica.
- Valoración da aplicación da unidade. Se por algunha circunstancia extraordinaria non se puidese aplicar, a valoración referirase á idoneidade da unidade didáctica para o centro onde tiveron lugar as prácticas.

c) Investigación educativa

Consistirá no deseño e desenvolvemento dunha investigación sobre un proxecto de innovación e mellora no marco da didáctica específica da especialidade cursada. Esta deberá conter como mínimo os seguintes elementos:

- Fundamentación mediante a achega relevante e actualizada de documentos que versaren sobre a temática elixida e sustentada en achegas de investigación didáctica.
- Descrición do proxecto e do contexto de desenvolvemento.
- Deseño, aplicación ou validación específica de instrumentos de avaliación que supoñan:
 - o uso de procedementos de observación sistemática;
 - e a recollida e análise de datos cuantitativos e/ou cualitativos.
- Análise e discusión dos datos recollidos.
- Formulación de conclusións.

d) Acción en temáticas transversais

Consistirá na elaboración dun plan de actuación nalgún dos eixes transversais do currículo, que

deberá ser ensaiado durante o período das prácticas en centros. Conterá como mínimo os seguintes aspectos:

- Fundamentación mediante a achega relevante e actualizada de documentos que versaren sobre a temática elixida e sustentada en achegas de investigación didáctica
- Xustificación e contextualización dentro dos currículos da/s materia/s das etapas correspondentes
- Deseño dos obxectivos do plan de actuación
- Metodoloxía de traballo
- Actividades propostas
- Avaliación para a súa posible aplicación en centros docentes en xeral
- Valoración da aplicación do plan. Se por algunha circunstancia extraordinaria non se puidese aplicar, a valoración referirase á idoneidade da TFM para o centro onde tiveron lugar as prácticas.

e) Proxecto integrado ou actividade complementaria

Consistirá nunha planificación exhaustiva dunha saída de campo ou dun proxecto que permita conectar os contidos das materias de xeito interdisciplinar cos recursos educativos do contorno. Incluirá, como no caso anterior e como mínimo, os seguintes aspectos:

- Fundamentación mediante a achega relevante e actualizada de documentos que versaren sobre a temática elixida e sustentada en achegas de investigación didáctica.
- Xustificación e contextualización dentro dos currículos da/s materia/s das etapas correspondentes.
- Descrición dos obxectivos do proxecto ou actividade.
- Metodoloxía de traballo.
- Actividades propostas, incluídas as guías didácticas e os materiais de apoio.
- Avaliación para a súa posible aplicación en centros docentes en xeral.
- Valoración da aplicación da saída ou o proxecto. Se por algunha circunstancia extraordinaria non se puidese aplicar, a valoración referirase á idoneidade da proposta para o centro onde tiveron lugar as prácticas.

f) Innovación educativa coa elaboración de materiais didácticos

Consistirá na elaboración de materiais didácticos específicos ou de innovación educativa, ou ben de recursos e ferramentas tecnolóxicos (software, hardware, mecánica etc.) de uso educativo. Conterá, como no caso anterior e como mínimo, os seguintes aspectos:

- Fundamentación mediante a achega relevante e actualizada de documentos que versaren sobre a temática elixida e sustentada en achegas de investigación didáctica.
- Xustificación e contextualización dentro dos currículos da/s materia/s das etapas correspondentes.
- Descrición dos obxectivos da innovación.

- Metodoloxía de traballo.
- Avaliación para a súa posible aplicación en centros docentes en xeral.
- Valoración da aplicación dos materiais, recursos e/ou ferramentas. Se por algunha circunstancia extraordinaria non se puidesen aplicar, a valoración referirase á idoneidade da proposta para o centro onde tiveron lugar as prácticas.

g) Proxecto-proceso ortográfico

Esta posibilidade é específica para o alumnado do itinerario de Artes Visuais na ESO e formación profesional, e será descrita directamente polo profesorado do itinerario.

h) Para o itinerario de orientación

Ademais de poder escoller as opcións c), d), e), f) da listaxe, o alumnado pode elaborar un plan de orientación do centro para un curso escolar, un plan de acción tutorial ou un plan de atención á diversidade. En calquera deles deberá incluír, como mínimo, os seguintes aspectos:

- Descrición do centro, real ou hipotético, cunha contextualización completa das condicións en que se vai desenvolver a proposta.
- Fundamentación mediante a achega relevante e actualizada de documentos que versaren sobre a temática elixida e sustentada en achegas de investigación didáctica, así como as referencias legais que sustentaren o plan.
- Descrición dos obxectivos que se desexa conseguir.
- Programación didáctica dos contidos para desenvolver (no caso do plan de acción tutorial).
- Secuencia lóxica e temporalizada das actividades propostas que debe desenvolver o Departamento de Orientación (no caso do plan de orientación).
- Descrición de cada unha das medidas de atención á diversidade (no caso do plan de atención á diversidade).
- Descrición dos materiais e recursos que se utilizarán.
- Valoración da súa aplicación. Se por algunha circunstancia extraordinaria non se puidese aplicar, a valoración referirase á idoneidade da proposta para o centro onde tiveron lugar as prácticas.

3. Dirección do TFM

A dirección do TFM estará a cargo do profesorado especialista nas materias da especialidade cursada. É conveniente que a dita dirección sexa levada a cabo polo mesmo profesorado universitario que supervise as prácticas do/a estudante e darase a coñecer conxuntamente coa titoría destas.

O estudantado, de acordo co titor/a cubrirá o FORMULARIO DE ASIGNACIÓN DE TEMA E TITOR do TFM (anexo I), que entregarán na Secretaría da Facultade de Ciencias da Educación.

Funcións do/a titor/a do TFM

- Axudar o/a alumno/a a concretar o tema sobre o que traballará.
- Resolver as súas dúbidas ao longo da realización do TFM.
- Facilitarlle as orientacións pertinentes que permitiren a integración dos coñecementos conseguidos neste Mestrado e no desenvolvemento da súa competencia docente.
- Achegar os recursos bibliográficos e materiais didácticos que redundaren na maior calidade, creatividade e orixinalidade do **TFM docente presentado**.
- Revisar o texto final do TFM e dar o visto e prace para a súa defensa.

4. Estrutura e cuestións formais do TFM

A extensión do traballo final é de sesenta páxinas máximo e corenta páxinas mínimo en DIN A4 (a dobre cara e a ser posible empregando material ecolóxico), escritas en letra Arial 11 a duplo espazo, sen considerar os posibles anexos (agás no itinerario de Artes). O alumnado entregará tres exemplares encadernados e unha copia en soporte informático en formato PDF. Na redacción utilizarase unha linguaxe directa, coidada e poderase acompañar de gráficos, esquemas e cadros. As frases literais ou ideas doutros autores o autoras incluídos no traballo estarán apropiadamente referenciadas ao longo do texto e no apartado de referencias.

O traballo presentado debe responder, en termos xerais, á estrutura que se determina a continuación:

a) Portada

Esta será a primeira páxina, que deberá levar o logo da UDC e incluír os seguintes datos:

- Nome e DNI/NIE do/a alumno/a e especialidade docente
- Nome do/a titor/a do TFM do Mestrado
- Título do traballo. Deberá aparecer en galego, castelán e inglés, por esixencia da acreditación do título pola normativa europea.
- Nome do centro onde se realizaron as prácticas docentes.
- Data de peche do TFM.

b) Índice

O índice deberá reflectir os diferentes apartados do TFM, así como os anexos correspondentes a táboas, cadros, gráficos etc. É imprescindible que sexa un índice numerado e inclúa a paxinación do TFM.

c) Introducción

Aquí farase constar o propósito xeral do TFM e as partes en que se organiza, así como a xustificación da elección do tema e/ou ámbito de innovación ou investigación educativa.

d) Fundamentación do TFM

Neste apartado o alumnado incluíra os fundamentos teóricos e a xustificación do seu TFM segundo a especificidade deste.

e) Desenvolvemento do TFM de acordo coa opción elixida (véxase o punto 2)

f) Valoración persoal e conclusións

Este apartado deberá ter unha extensión de entre cinco e oito páxinas e deberá incluír:

- Unha valoración dos resultados obtidos no desenvolvemento do TFM e as súas conclusións.
- Unha reflexión persoal que contiver, cando menos, ideas conclusivas a respecto dos seguintes aspectos: a) contraste dos coñecementos conseguidos nas distintas materias do Mestrado e as experiencias das prácticas educativas e b) reflexión sobre o nivel de desenvolvemento persoal das competencias adquiridas para ensinar dentro da especialidade docente.

g) Referencias bibliográficas e recursos didácticos

Indicaranse especificamente os materiais didácticos consultados ou utilizados para realizar o TFM. A bibliografía debe organizarse segundo as normas APA, que se poden consultar na seguinte ligazón:

http://www.udc.es/biblioteca/servizos/apoio_investigacion/servizos_apoio/publicar/citar.html

h) Anexos

Poderanse incluír os documentos que se consideraren pertinentes para a mellor comprensión e contextualización do TFM.

5. Criterios de avaliación do TFM

Entre parénteses figura a ponderación de referencia para os diferentes aspectos, que sempre estará supeditada á consideración do tribunal de avaliación.

Cuestións formais (5 %)

- Claridade de ideas, de exposición e de organización da información
- Relación e coherencia entre as partes do TFM
- Boa calidade lingüística do discurso

Fundamentación teórica (30 %)

- Suficiencia e profundidade do marco teórico, de xeito que se demostre posuír coñecementos sobre o desenvolvemento e nivel alcanzado no tema tratado.
- Creatividade e orixinalidade na presentación da temática, na súa análise ou no seu tratamento.
- Referencia aos contidos traballados no Mestrado.
- Documentación de apoio actualizada e referencias bibliográficas citadas conforme ás normas propias dos traballos científicos e profesionais.

Desenvolvemento do TFM (35 %)

- Nivel de concreción do TFM
- Viabilidade da proposta atendendo á súa contextualización
- Adecuación ao marco legislativo e curricular.
- Existencia e adecuación de criterios de avaliación da proposta.

Valoración persoal e conclusións TFM (15 %)

- Relación das conclusións cos obxectivos do TFM
- Grao de integración dos coñecementos conseguidos nas distintas materias cursadas no Mestrado
- Grao de desenvolvemento das competencias profesionais

Presentación e defensa (15 %)

- Existencia e calidade nos medios e/ou materiais de apoio
- Coherencia e claridade de ideas na exposición
- Boa competencia lingüística oral
- Capacidade de síntese
- Habilidade para responder na discusión.

No caso do *itinerario de Arte* na avaliación consideraranse, ademais, aspectos que teñen a ver coa tipoloxía do TFM-proceso.

6. Procedemento de avaliación

O alumnado disporá dunha convocatoria con dúas oportunidades de avaliación ou defensa pública do TFM: unha ordinaria e outra extraordinaria.

Para a avaliación dos TFM constituiranse tribunais (nomeados polo/a coordinador/a do Mestrado) por cada unha das especialidades. Cada un estará formado por tres membros titulares e un ou dous/dúas suplentes.

Os tribunais de avaliación configuraranse da forma que establecer a Xunta de centro ou, de ser o caso, a comisión que tiver as competencias delegadas, segundo o número de alumnado matriculado e a temática dos diferentes TFG e TFM que se representaren. Cada tribunal estará formado como mínimo por tres persoas e as correspondentes suplentes. Todas elas deberán ser membros do profesorado universitario vinculado ao Mestrado. O/a director/a do TFM non poderá formar parte do tribunal.

Para a defensa do TFM o alumnado disporá dun máximo de 20 minutos. Os membros do tribunal contarán tamén cun tempo máximo de 20 minutos para formularen cantas preguntas e suxestións estimaren necesarias.

Finalizadas todas as defensas de TFM da sesión correspondente, o tribunal publicará as cualificacións provisionais no taboleiro do Mestrado.

En relación coa avaliación de cada traballo, o tribunal procederá a:

a) Cualificar o traballo realizado coa nota media das cualificacións emitidas por cada un dos membros. A cualificación poderá ser:

- a. Non presentado
- b. Suspenso: de 1 a 4.9
- c. Aprobado: de 5 a 6.9
- d. Notable: de 7 a 8.9
- e. Sobresaliente: de 9 a 10

A mención de «matrícula de honra» poderá ser outorgada en caso de que os membros do tribunal estean de acordo na súa concesión por unanimidade.

b) Cubrir as actas de valoración.

Entrega e defensa do TFM

Para a defensa do TFM os estudantes deberán

- Presentar o DNI e a certificación académica.
- Ter superados os créditos de todas as materias e módulos que compoñen este Mestrado.
- Terse producido un mínimo de dúas reunións entre o/a alumno/a e o/a titor/a.
- Obter o visto e praxe (Secretaría Virtual) do/a titor/a do TFM.
- Entregar o impreso de solicitude de defensa que se xera na Secretaría Virtual.
- Entregar tres exemplares do TFM impresos en papel e encadernados (seguindo a estrutura e o formato que se describen no apartado 5 deste documento) e un en soporte informático en formato PDF (CD ou USB), todos eles asinados polo/a estudante.

A documentación presentárase na Secretaría do Decanato da Facultade de Ciencias da Educación en horario administrativo. No caso de se seguir o itinerario de Educación Física a entrega farase na Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física. As datas de presentación dos traballos recóllense no anexo II.

O/a coordinador/a do Mestrado publicará a relación de TFM recibidos e as datas para a súa defensa.

7. Anexos

ANEXO I

PROPOSTA DO TRABALLO DE FIN DE MESTRADO

Curso académico:
Nome e apelidos do/a alumno/a:
Especialidade en que realiza o Mestrado:
Nome e apelidos do titor do TFM:
Título do Traballo de Fin de Mestrado (galego, castelán e inglés):
Breve descrición do TFM de traballo (obxectivo xeral, delimitación do contido e resultados previsibles):

A Coruña, de de

Asdo. V. e pr.

(Nome e apelidos do/a alumno)

(Nome e apelidos do/a titor/a)

ANEXO II

CALENDARIO DO TRABALLO DE FIN DE MESTRADO – CURSO 2017-2018

Convocatorias	Febreiro 2018* (TFM curso 17-18)	Xuño 2018	Setembro 2018
ALUMNADO Paso imprescindible previo ao informe da dirección do TFM: introdución do título do TFM na Secretaría Virtual (nos tres idiomas esixidos)			
Asignación de temática e director/a	Curso anterior	10 novembro	10 de novembro
Presentación da proposta	Curso anterior	26 xaneiro	26 de xaneiro
Preinscrición na defensa do TFM	14 febreiro	7 xuño	5 setembro
PROFESORADO: peche do prazo para o informe do/a director/a na Secretaría Virtual	16 febreiro	15 xuño	7 setembro
ALUMNADO: peche do prazo de solicitude de defensa pública na Secretaría Virtual e entrega de tres exemplares en papel, un dixital (pdf) e da documentación requirida no Rexistro do centro	21 febreiro	20 xuño	12 setembro
Asignación e publicación do tribunal	22 febreiro	21 xuño	13 setembro
Recollida da documentación polo/a secretario/a do tribunal e convocatoria do acto público	23 de febreiro	22 xuño	14 setembro
Defensa pública	1-2 marzo	25-27 xuño	17-19 setembro
Remate do período de revisión de cualificacións	8 marzo	29 xuño	21 setembro
Peche de actas do TFM	12 marzo	4 xullo	25 setembro

*É necesario volver matricular o TFM no curso 2017-2018

ANEXO III

Preinscrición para a defensa do TFM (*)

(*) Esta preinscrición non garante a posterior avaliación positiva da dirección académica, requisito indispensable para a defensa do TFM.

TRABALLO DE FIN DE MESTRADO
PREINSCRICIÓN E SOLICITUDE DE DEFENSA PÚBLICA

PARA CUBRIR O/A ESTUDANTE

Apelidos e nome:

DNI: Teléfono:

Enderezo electrónico:

TÍTULO DO TFM

.....

Apelidos e nome do/a director/a:

.....

TITULACIÓN: Grao en

CURSO ACADÉMICO:

SOLICITA DEFENDER O TFM NA OPORTUNIDADE

DE XUÑO DE 20

DE XULLO DE 20

DE XANEIRO DE 20.....

A Coruña, de de

Visto e praxe

da dirección académica

Visto e praxe

do/a estudante